



Recordatorio de deberes legais dirixido á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade lembrándolle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; polo que a AXI debe contestar expresamente e con presteza, caso de non telo feito á data de recepción desta resolución, o escrito presentado o 7 de outubro do 2021 polo promotor deste expediente de queixa no Servizo Provincial da Axencia Galega de infraestruturas en Pontevedra

Expediente: M.8.Q/4173/23

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2024

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don XXX referente ao desacordo cun procedemento expropiatorio da AXI nunha finca e casa na estrada de XXX, en Pontevedra e pola falta de resposta a un escrito malia o tempo transcorrido.

ANTECEDENTES

Primeiro: En data do 11 de abril do 2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“El compareciente y sus hermanos y sobrinos (En adelante, la familia XXX) dispone de una parcela a las afueras de Pontevedra, en la Estrada de XXX (XXX), identificada con la referencia catastral XXX. La parcela denominada “XXX” tiene frente a dicha carretera y allí se ubicaba una casa familiar, conocida como “XXX”.

En 2010 dentro de la expropiación para la ejecución de la 1ª fase del acceso al Hospital Público de Pontevedra (Monte Carrasco XXX) la Axencia Galega de Infraestruturas (En adelante, AXI) expropió de mutuo acuerdo la “XXX” y parte de la parcela. Los propietarios aceptaron el



acuerdo ya que comprendían el interés social de dichas obras y que la parcela, si bien, perdían su vivienda y parte de la superficie, aun conservaría el acceso a la Estrada de XXX.

Con posterioridad amplió la expropiación a 807 m² más de la misma finca para reconstruir la casa expropiada por un informe de Patrimonio de 19/4/2012 que proponía su reconstrucción. La nueva expropiación suponía una pérdida de tres cuartas partes del frente de la parcela, con la consiguiente pérdida de valor. La familia XXX trató de llegar a un acuerdo con la administración en múltiples ocasiones, sin que dichos intentos llegaran a buen puerto.

El justiprecio nunca se pagó porque el Jurado de Expropiación de Galicia anuló el 3/12/2015 el acuerdo de determinación del justiprecio porque la expropiación a su vez había quedado sin causa al anularse por la STSJ de Galicia nº XXX de 19 junio (p.o. XXX) el Decreto 140/2010 de 5 de agosto de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de la Xunta de Galicia en que se basaba.

Pasados 4 años y sin haberse iniciado ningún trámite administrativo, ni iniciada la reconstrucción de la casa, la familia XXX decidió solicitar las autorizaciones previas necesarias para el cierre del frente, con el fin de evitar el acceso de terceros y poder llevar a cabo trabajos de limpieza y mantenimiento. Como primer paso, en 2019 se solicitó la devolución de un sobrante de 147 m² de la expropiación original. Se trataba de una superficie de terreno que no había sido ocupada para la ejecución de la ampliación del vial y que se encontraba, sin solución de continuidad, lindante con el resto de finca matriz original. Dicha solicitud, fue desestimada por resolución de 11/7/2019 porque en los citados 807 m² colindantes había que reconstruir la "XXX". El Tribunal Superior de Justicia de Galicia mediante sentencia nº XXX de 25 de septiembre (p.o. XXX) confirmó el ajuste a derecho de dicha desestimación.

A la vista de las resoluciones judiciales, la familia XXX intentó reactivar el procedimiento con la AXI, pero como ni se pagaba el terreno ni se reconstruía la casa, se optó por un nuevo enfoque. Los técnicos de la familia XXX se reunieron con la Dirección General de Patrimonio Cultural en Santiago donde les transmitieron verbalmente que entendían la "XXX" no tenía valores para reconstruir; pero que, al mismo tiempo, tenía que ser AXI como Administración responsable de ello, quien se lo plantease para que lo pudiesen informar en ese sentido. Los resultados de la consulta a la Dirección General de Patrimonio se le trasladan verbalmente al Jefe del Servicio Provincial de la AXI, que se muestra favorable de plantearle el asunto a Patrimonio.



El 7/10/2021 se presentó en la AXI un escrito donde se solicitaba que, previo traslado a la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en Santiago de Compostela del mismo y su documentación adjunta para que informase sobre si estaba justificada desde el punto de vista patrimonial la reconstrucción de la "XXX", en caso informe favorable, se abandonase dicha pretensión y se procediese a la regularización de la situación de esta propiedad, reconociéndose que lo expropiado por ampliación y no pagado seguía siendo propiedad de los comparecientes y devolviéndoles los 147 m2 de terreno sobrantes de la primera expropiación que han quedado después de ejecutar la infraestructura y que esa Administración no necesita, con reintegro de la parte proporcional del justiprecio abonado por estos 147 m2.

Y es que, si la XXX no tiene realmente valor patrimonial para ser reconstruida y, por lo tanto, no existe un interés público en dicha reconstrucción, ese gasto de dinero público vulneraría el principio de eficiencia que debe de regir en la actuación de las Administraciones Públicas (arts. 103 y 135 de la Constitución y art. 3 de la Ley 40/2015 de régimen jurídico del sector público).

A día de hoy, pese a múltiples llamadas y conversaciones telefónicas con el Jefe del Servicio Provincial, la AXI no ha hecho nada. Ni ha enviado el escrito a Patrimonio para que informe, ni ha iniciado un nuevo expediente de determinación del justiprecio para abonarles la ampliación de la expropiación.

Este procedimiento iniciado hace 10 años y que se encuentra totalmente paralizado, a pesar de lo muchos intentos llevados a cabo por la familia XXX, ha supuesto y sigue suponiendo un carga económica y psicológica para esta familia, que en la actualidad se encuentra paralizada antes la frustrante inactividad de la AXI y sin saber a qué atenerse en relación a la parcela indicada y no pudiendo disponer de la misma".

Incorporouse a este expediente de queixa, a copia do escrito presentado en data 7 de outubro de 2021 ante o Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) de Pontevedra. Escrito que non obtivo resposta algunha malia o amplo período de tempo transcorrido.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao órgano autonómico competente con data do 21 de abril do 2023 (R.S.7111/23).



TERCEIRO.- Con data do 8 dos correntes (R.E.1505/24), logo de efectuar diferentes requirimentos no tempo en que se alongou a tramitación deste expediente, recíbese nesta institución un informe remitido pola AXI no que se fai constar literalmente o seguinte:

“Asunto: Informe sobre o estado de tramitación da queixa ante a Valedora do Pobo núm. XXX

Clave: XXX

Proxecto: Proxecto de Trazado, 1ª Fase do Acceso ao Hospital Público de Pontevedra (XXX)

En relación coa queixa núm. XXX, presentada por XXX, ante a Valedora do Pobo, en relación á falta de resposta por esta administración do escrito achegado polo interesado o 07/10/2021 polo que, logo das actuacións derivadas do proxecto de trazado da 1ª Fase do Acceso ao Hospital Público de Pontevedra (XXX), de clave XXX, o interesado solicitaba que se procedese a regularización da súa propiedade desistindo da reconstrución da denominada XXX por ter decaído a súa afección ao patrimonio cultural e se procedese á devolución de 147 m2 sobrantes da expropiación así como a recoñecer a titularidade do interesado respecto dunha porción expropiada por ampliación posterior, comunícase o seguinte:

Con data 24.10.2023, a Área de Deseño de Infraestruturas da Axencia Galega de Infraestruturas solicitou da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural un informe específico sobre a situación actual da denominada XXX respecto da súa afección á normativa de protección do patrimonio cultural.

O 26.10.2023, a Subdirección de Protección do Patrimonio Cultural remite o informe solicitado, no que expoñen que actualmente non existe protección patrimonial de ningún tipo sobre a denominada XXX.

Con data 23/01/2024, remítese o informe do 26.10.2023 da Subdirección de Protección do Patrimonio Cultural ao Servizo Provincial da Axencia Galega de infraestruturas en Pontevedra por ser este o órgano encargado de tramitar a solicitude formulada polo interesado o 07/10/2021.”

ANÁLISE



Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente quéixase nomeadamente de que :

- En data do 7 de outubro do 2021 presentara no Servizo Provincial da Axencia Galega de infraestruturas en Pontevedra escrito sobre a problemática exposta nesta queixa, e malia o tempo transcorrido non recibira resposta.
- O 11 de abril do 2023, transcorrido un ano e medio, ao non recibir resposta, formula queixa ante esta institución da Valedora do Pobo.

Segunda: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.* Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os *“Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”*, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Terceira: A *Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración*, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, dispón:

“A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.”



E no artigo 3: *“A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”*

No artigo 4.Principios

“Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas”.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á AXI o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Na tramitación dos expedientes a administración deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; polo que a AXI debe contestar expresamente e con presteza, caso de non telo feito á data de recepción desta resolución, o escrito presentado 7 de outubro do 2021 polo promotor deste expediente de queixa no Servizo Provincial da Axencia Galega de infraestruturas en Pontevedra”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia,



dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo